



BASES II OPEN INTERNACIONAL DE XADREZ ABANCA SEMANA VERDE DE GALICIA

(Silleda, 8 de xuño de 2019)

- **Organiza:** Feira Internacional de Galicia
- **Director do torneo:** Mario Iglesias.
- **Inscrición:** 10€ na categoría Absoluta (Exentos Elo +2200 e menores de idade. Gratuita no resto das categorías)

- **Límite de inscrición:** ata as 20:00h do venres 7 de xuño, no enlace_

https://docs.google.com/forms/d/e/1FAIpQLSdZM_K0tmJf0IAxNdUlcHxiFmRY8aDRhA_VAo4jOzkazsi8t1A/viewform

(se queres tamén podes copiar o enderezo no navegador)

Tambén desde a páxina de Facebook Xadrez Abanca Semana Verde

- **Local de xogo:** Feria Internacional de Galicia Restaurante Principal
- O Torneo disputarase polo sistema suizo a 8 rondas. Se fora necesario aplicaríase o sistema acelerado de emparellamentos na ronda 1, 2 e 3.

- O ritmo de xogo será de 15 minutos+3 segundos/xogada na categoría absoluta, e de 15 minutos finish nas categorías de promoción.
- Torneo da categoría absoluta será válido para ELO FIDE de xadrez rápido.
- O árbitro principal será o Árbitro Internacional Francisco Ogando González.
- O torneo da categoría absoluta será válido para ELO FIDE de xadrez activo. A organización farase cargo de tódolos gastos de xestión derivados.
- Antes do inicio da primeira rolda publicaranse a orde de forza só ordenada por ELO FIDE DE RÁPIDAS, tendo en conta a lista previa da FIDE. Se un xogador non tivera ELO de rápidas na FIDE, o seu ELO FIDE de xadrez standard será considerado como o valor inicial do ELO FIDE de rápidas.
- Tódolos xogadores e xogadoras deberán estar federados antes do inicio do torneo (circular da FEDA).
- **Empregarase o programa VEGA para realizar os emparellamentos.**
- Non se permitirá analizar partidas na sala de xogo.
- **O tempo de retraso permitido será de 10 minutos**, pasados os cales o xogador que non compareza perderá o encontro.
- O xogador que teña unha incomparecencia sen causa xustificada será retirado do torneo.
- Tódolos xogadores recibirán nos seus dispositivos móbiles a composición da ronda seguinte e as clasificacións actualizadas no instante en que estas sexan publicadas. Tódolos delegados, debidamente acreditados recibirán puntualmente as rondas e clasificacións de tódalas categorías.

SISTEMAS DE DESEMPATE NA CATEGORÍA ABSOLUTA

Consideracións previas: No caso de que dous xogadores empaten a puntos no primeiro posto ao final da última ronda, xogarán entre sí unha partida de desempate Armageddon (“morte súbita”) a unha partida, o branco con 5 minutos e o negro con 4 minutos, gañando o desempate as negras en caso de táboas. Esta partida será supervisada polo árbitro principal. A cor será asignada mediante sorteo.

Para o resto de situacións, consideraranse os seguintes desempates para a categoría absoluta.

- O **primeiro** sistema de desempate será o **encuentro directo**, sempre que tódolos xogadores empatados xogaran todos entre sí.
- O **segundo** sistema de desempate será a **Variante Brasileira do Bucholz *** **(quitando a peor puntuación)**
- O **terceiro** sistema de desempate será a **o Bucholz total***.
- O **cuarto** sistema de desempate será o **Sistema APRO** (Media das performances dos rivais do xogador).

SISTEMAS DE DESEMPATE NA CATEGORÍA DE PROMOCIÓN

- O **primeiro** sistema de desempate será o **encuentro directo**, sempre que tódolos xogadores empatados xogaran todos entre sí.
- O **segundo** sistema de desempate será a **Variante Brasileira do Bucholz *** **(quitando a peor puntuación)**
- O **terceiro** sistema de desempate será a **o Bucholz total***
- O **cuarto** sistema de desempate será o número de victorias, considerando como xogadas con pezas brancas os encontros non disputados.
- O **quinto** sistema de desempate será o maior número de partidas xogadas con pezas negras.

De persistir o empate tras aplicar os sistemas anteriores, os xogadores implicados no empate no primeiro posto xogarían un Armageddon (“morte súbita”) a unha partida, o branco con 5 minutos e o negro con 4 minutos, gañando o desempate as negras en caso de táboas. Esta partida será supervisada polo árbitro principal.

(*) No desempate do bucholz, aplicarase a variante do oponente virtual nas partidas non disputadas.

- Se se introduce un resultado mal e se publica a rolda, esta non se modificará a non ser que o árbitro principal decida outra cousa.
- As decisións do árbitro principal son inapelables.
- Aplicarase o especificado no apéndice A das leis de xadrez da FIDE para xadrez rápido (ACTIVO)
- A participación no torneo supón a aceptación destas bases.
- As presentes bases poderán ser modificadas sen previo aviso, sen outra obriga que publicalas no enlace _____ ou no taboleiro de anuncios da sala de xogo.
- Considerarase oficial todo listado: inscritos, orde de forza, emparellamentos... os publicados no taboleiro de anuncios do torneo.

Horario de xogo:

10:30 : Presentación das listas de xogadores

11:00 : Ronda 1ª

11:50: Ronda 2ª
12:40 : Ronda 3ª
13:30 : Ronda 4ª
16:00 : Ronda 5ª
16:50 : Ronda 6ª
17:40: Ronda 7ª
18:30: Ronda 8ª
19:40: Clausura, entrega de premios.

O Árbitro Principal

A handwritten signature in blue ink, enclosed in a blue oval. The signature appears to read "Francisco Ogando González".

Francisco Ogando González

Premios en metálico:

1. 300 €
2. 200 €
3. 150 €
4. 100 €
5. 70 €
6. 50 €
7. 40 €
8. 30 €
9. 30 €
10. 30 €